



## **CONCELLO DE POIO**

Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS CORENTA E SEIS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA VINTE E OITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZ.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de decembro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luz Senra Lorenzo, D. Xose L. Martínez Blanco, D<sup>a</sup>. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D<sup>a</sup>. Margarita Caldas Moreira, D<sup>a</sup>. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez, D<sup>a</sup>. Rosa Fernández González, D. Javier Domínguez Lino, D<sup>a</sup>. Celeste Nieto García D. Alberto Villaverde Méndez, D. Angel Moldes Martínez, D<sup>a</sup>. Irene Ligerio Iglesias, D. Miguel A. Martínez Nacemento e D. Manuel Domínguez Álvarez; actuando como Secretario o do Concello D. Jacobo Barreiro Pimentel asiste como interventora D<sup>a</sup>. Olga Fernández Rodríguez. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3464.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 30 DE NOVEMBRO DE 2010.- De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á corporación da acta anterior da sesión ordinaria realizada o 30/11/2010, núm. 445, a que queda aprobada por unanimidade.

3465.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Polo secretario presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3455.- NOVO BORRADOR DO CONVENIO "NOVO ABASTECIMENTO DE AUGA A PONTEVEDRA E A SÚA RÍA".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse a sinatura do devandito convenio; 3456.- INTERVENCIÓN, REVISIÓN DA RETRIBUCIÓN ECONÓMICA DA EMPRESA AQUAEST PTFA, SA PARA O EXERCICIO 2011.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención e notificouse á empresa adxudicataria; 3457.- MOCIÓNS-GRUPO MUNICIPAL DO

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE OS INVESTIMENTOS DE EDUCACIÓN.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Xunta de Galicia; 3458.- MOCIÓNS-GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG, PSOE E PP POLO 25 DE NOVEMBRO DE 2010, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.- Uniuse certificación do acordo expediente e remitiuse á Xunta de Galicia, Parlameto Galego e Ministerio de Igualdade; 3459.- IGUALDADE, PROPOSTA PARA SOLICITAR O INGRESO DE D<sup>a</sup>. MARÍA XOSÉ QUIEZÁN VILAS NA REAL ACADEMIA GALEGA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Real Academia Galega; 3460.- EXPEDIENTE DE PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE XESTIÓN ENTRE D. LUIS AGUÍN ESCUDERO E O CONCELLO DE POIO, PARA A PERMUTA DE TERREO PROPIEDAD PRIVADA A CAMBIO DE OBRA FUTURA DE CONSTRUCCIÓN, POLO CONCELLO, DUNHA EDIFICACIÓN COMPLEMENTARIA DESTINADA A GARAXE, SEGUNDO PROXECTO DE MELLORA DA PRAZA ALFREDO ROMAY BESADA DE SAMIEIRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse anuncio de aprobación provisional ao Diario Oficial de Galicia para a súa información pública e notidicouse aos interesados; 3461.- CONCERTACIÓN DUN CONTRATO DE PRÉSTAMO PARA A FINANCIACIÓN DA MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA NÚMERO 25/2010 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, comunicouse ao Departamento de Intervención, notificouse á entidade Caixanova e procedeuse á súa formalización; 3462.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE, EN RELACIÓN COA POSTA EN FUNCIONAMENTO DUNHA ESTACIÓN DEPURADORA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse o acordo á Xunta de Galicia e a Augas de Galicia; 3463.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE, EN RELACIÓN COS PROXECTOS NA PO-308.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Xunta de Galicia e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas." A Corporación dáse por enterada.

3466.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Polo secretario presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que figuran na orde do día. A corporación dáse por enterada

3467.- PATRIMONIO, DESAFECTACIÓN CENTRO DE SAÚDE DE ANAFÁNS.- Polo Secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado para a alteración da calificación xurídica de desafectación do ben inmovible sito en rúa Cabanas, 2 do lugar de Anafáns na actualidade destinado a Centro de Saúde.

Dáse conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de decembro de 2010 e que di o que segue: "Por parte do

Secretario dáse conta do expediente, do informe conxunto da Secretaría e Intervención de data 14 de decembro de 2010, do informe da arquitecto municipal de data 20 de decembro de 2010 e da proposta da alcaldía de data 20 de decembro de 2010 na que se propón á Comisión a adopción dos seguintes acordos: "**Primeiro.** Aprobar provisionalmente a alteración da calificación xurídica desafectación do ben inmovible edificio, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial. **Segundo.** Anunciar o acordo de aprobación provisional no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello durante o prazo dun mes, para que durante este período se realicen as alegacións que se estimen pertinentes. **Terceiro.** Considerar este acordo como definitivo, se non se presentasen alegacións en prazo. **Cuarto.** Cando o presente acordo sexa definitivo, reflectir na rectificación anual do Libro Inventario de Bens da Corporación a alteración da calificación xurídica que sufriu o ben inmovible e solicitar ao Rexistro da Propiedade que proceda a inscribir este ben mediante os correspondentes asentos ou anotacións rexistras necesarias. **Quinto.** Realizar o acto de recepción formal do ben inmovible que foi desafectado, de conformidade co artigo 8.3 do Regulamento de Bens das Entidades Locais. **Sexto.** Facultar ao Alcalde para que subscriba os documentos que sexan necesarios en orde á execución dos precedentes Acordos.

No entanto o exposto, a Corporación acordará o que estime pertinente."

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto, propor ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes."

Non subscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de decembro de 2010 nos seus propios termos e que se sigan os trámites legais procedentes.

3468.- PROTOCOLO DE ADHESIÓN Á REDE DE CENTROS DE MODERNIZACIÓN E INCLUSIÓN TECNOLÓXICA (CEMIT).- Polo Secretario presente na sesión dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas adoptado na súa sesión ordinaria realizada o 21 de decembro de 2010 e que di o que segue: "Por parte do Secretario dáse conta do expediente, do Protocolo de adhesión á rede de centros para a modernización e inclusión tecnolóxica da Xunta de Galicia (REDE CeMIT) entre a Xunta de Galicia e o Concello de Poio, do informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 16

de decembro de 2010 e da proposta da alcaldía á Comisión sobre a adopción do seguintes acordos: " **Primeiro:** Que se dictamine favorablemente a sinatura da versión definitiva do Protocolo de Adhesión á Rede de Centros de Modernización e Inclusión Tecnolóxica, que ten por obxecto establecer as condicións da adhesión do Concello de Poio á nova Rede CeMIT e os termos da mesma, co obxectivo de conseguir que os cidadáns experimenten de forma efectiva e sensible os beneficios das TIC de forma que disto sexa o xermolo para un uso cotián das mesmas. **Segundo:** Que se faculte ao Sr. Alcalde deste Concello á sinatura do Protocolo de Adhesión. **Terceiro:** Que, unha vez asinado, se inicien os trámites oportunos para dar cumprimento ós compromisos regulados na cláusula segunda do protocolo."

O Sr. Barreiro Lubián manifesta que a Xunta de Galicia financiará ao Concello cunha cantidade equivalente ao 80% do custe laboral do Axente TIC ata un máximo de 20.466,82 euros anuais e a duración deste Protocolo de Adhesión será, en principio, ata o día 31 de decembro de 2012.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación."

Non subscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por unanimidade de asistentes acordou aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 21 de decembro de 2010 nos seus propios termos e que se sigan os trámites legais procedentes.

3469.- CONTRATACIÓN, ADXUDICACIÓN ARRENDAMENTO QUIOSCO SITO NA FINCA COSTA XIRÁLDEZ.- Dáse conta do expediente tramitado para o contrato de arrendamento urbano de uso distinto a vivenda, mediante procedemento aberto, para a explotación do quiosco e instalación destinado a bar na Finca Costa Xiráldez de Lourido para o seu uso público en xeral por un prazo dun ano a partir da sinatura do contrato e correspondente acta de inicio do servizo que deberá subscribirse por ambas partes, prorrogable por anualidades ata un máximo de dez anos (incluído contrato e prórrogas) e previa petición do adxudicatario, agás denuncia cun prazo de dous meses de antelación.

Consta no expediente prego de cláusulas administrativas e prego de prescricións técnicas elaborado pola Alcaldía e servizo de contratación de datas 24 de agosto de 2010, informe conxunto de Secretaría e de Intervención de data 6 de setembro de 2010, que foron obxecto de aprobación mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación de data 13 de outubro de 2010 procedéndose á apertura do procedemento de adxudicación.

De conformidade co establecido no prego de cláusulas

que rexe a contratación publicouse anuncio no Perfil do Contratante con data 20 de outubro de 2010 e 8 de novembro de 2010 e anuncio no Boletín Oficial da Provincia do 15 de novembro de 2010, núm. 219.

Unha vez rematado o prazo de presentación de proposicións presentan oferta os que de seguido se relacionan: María Fernanda Da Cunha Fernándes, Rebeca María Domínguez Soto, María Guadalupe Martínez Pousada, Marcelino García López, Sergio López García, M<sup>a</sup> Remedios Balea Carballa e María Isabel de la Fuente Costado.

Dando cumprimento ao establecido na cláusula 10 do Prego de cláusulas reúnese a Mesa de Contratación con datas 7 de decembro de 2010 e 20 de decembro de 2010, coa finalidade de proceder á revisión da documentación presentada polos licitadores e formular requirimento de conformidade co establecido no artigo 135 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público. A Mesa de Contratación e segundo as actas que constan no expediente acordou admitir á licitación aos seguintes que realizaron as ofertas que se detallan a continuación: María Fernanda Da Cunha Fernándes.- Prezo ou renda mensual, valor estimado 200 e Ive 36 € e prezo total de 236 €. Equipamento que aportará o solicitante por un prezo total estimado de 13.340 e, facendo constar na súa oferta que se compromete acepta as obrigas que se deriven dos pregos. Así mesmo xunta unha memoria explicativa do proxecto; María Guadalupe Martínez Pousada.- prezo ou renda mensual, valor estimado 200 e, Ive 36 e e prezo total de 236 e. Non presenta oferta de mobiliario que destinará aportando un proxecto económico de aluguer e xestión de quiosco e funcionamento; María Remedios Balea Carballa.- Non presenta oferta económica, polo que a Mesa entende que se axusta ao prego de condicións, sendo a renda fixada 150 € máis Ive. Presenta oferta de servizos do quiosco sen valorar así como proposta de prezos aproximados.

A Mesa de contratación á vista das ofertas presentadas acorda por unanimidade de asistentes realizar ao órgano de contratación proposta de adxudicación a favor de María Fernanda da Cunha, nos termos establecidos na súa oferta.

Con data 21 de decembro de 2010 sométese o expediente á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas no que por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asuntos e propor ao Pleno proposta de adxudicación nos termos acordados pola Mesa de Contratación.

Non subscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP, acordou aprobar o

ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda adoptándose o seguinte acordo:

**Primeiro:** Requiritir a María Fernanda da Cunha Fernádes para que no prazo de 10 días hábiles a partir do seguinte ao de recepción deste requirimento presente a documentación xustificativa de estar ao corrente coas obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autónoma e Concello de Poio así como constituír unha garantía definitiva por importe de 900 €, de conformidade coas cláusulas 10 e 11 do PCA. Unha vez recibida a documentación mencionada o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes a recepción da indicada documentación.

**Segundo:** Dar traslado do presente acordo ao adxudicatario e aos licitadores con indicación dos recursos que procedan.

MOCIÓNS URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.-  
Non se producen.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás dezanove horas e cincuenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretario xeral, dou fe.